

Na convocatoria de matrícula do curso académico 2011/2012 establécese que, tras o remate do proceso de admisión pola CIUG, para iniciar estudos nas titulacións con límite de prazas, abrírase un prazo para os alumnos/as aos que non lles foi concedida praza, para que se poidan matricular en titulacións sen límite de prazas ou naquelas que tiñan límite pero que quedaron prazas vacantes.

En aplicación desta norma, e á vista da comunicación da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), do 24 de outubro de 2011 na que se indican as titulacións nas que non se cubriron todas as prazas ofertadas.

ESTA REITORIA RESOLVE:

ÚNICO.- Os alumnos/as que reúnan os requisitos para iniciar estudos poderán matricularse en calquera titulación sen límite de prazas ou nas titulacións que se indican a continuación, nas que quedaron prazas vacantes. A matrícula formalizarase a través de internet ou, cando non sexa posible, na Unidade de Xestión Académica (UXA) correspondente a cada titulación, entre os días **25 ao 28 de outubro**, ámbolos dous inclusive, en horario de **9 a 14 horas**.

Código plan	Titulación	Campus
4012	Grao en Filoloxía Clásica	Santiago
4018	Grao en Lingua e Literatura Galegas	Santiago
4020	Grao en Linguas e Literaturas Modernas	Santiago
5011	Grao en Admón. E Dirección de Empresas	Lugo
5002	Grao en Ciencias da Cultura e da Difusión Cultural	Lugo
5005	Grao en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural	Lugo
5007	Grao en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias	Lugo
5008	Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía	Lugo
5009	Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Rural	Lugo
5016	Grao en Lingua e Literaturas Españolas	Lugo

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2011



O REITOR,

Juan J. Casares Long

SRA. SECRETARIA XERAL - SR. VICERREITORA DE ESTUDIOS DE GRADO E POSGRADO - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRES/AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS - SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓN - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN